



CON LAS BECAS SANTANDER ERASMUS  
CONVIERTE TU EXPERIENCIA EN UN  
**ERASMUS**

XL



Santander

CRUE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## CONVOCATORIA DE BOLSAS SANTANDER ESTUDOS / ERASMUS CURSO 2024/25

De conformidade co documento de adhesión acordado con data 07/11/2023 entre o Banco Santander e a Universidade da Coruña (UDC), publícase a convocatoria de 19 bolsas para o curso 2024/25 no marco do programa BOLSAS SANTANDER ESTUDOS / ERASMUS. As bolsas teñen por obxecto axudar aos estudantes universitarios matriculados na UDC que vaian realizar unha estadia Erasmus+ de estudos ou prácticas para o curso académico 2024/25, fomentando deste xeito a mobilidade dos estudantes no ámbito da Unión Europea, así como fomentando a súa empregabilidade despois da súa estadia internacional.

### I. NÚMERO DE BOLSAS E OBXECTO DESTAS

1. Convócase un total de 19 bolsas por un importe total de 10.500 euros con cargo á partida orzamentaria 080A 422D 48000.
2. A bolsa consistirá nunha axuda económica que se ofrecerá aos beneficiarios dunha mobilidade Erasmus+ de estudos ou prácticas.  
Santander, como empresa organizadora, poderá poñerse en contacto cos beneficiarios do programa a través de calquera medio, incluída a vía electrónica, para convocarlles a un acto de recoñecemento e entrega de credenciais.
3. As bolsas ofertadas distribúense da seguinte forma:
  - 2 bolsas por importe de 1.000 euros cada unha para estudos.
  - 16 bolsas por importe de 500 euros cada unha para estudos.
  - 1 bolsa por importe de 500 euros para prácticas.

A UDC repartirá as bolsas Santander Erasmus dispoñibles entre as persoas beneficiarias do Programa Erasmus de estudos e/ou de prácticas no curso 2024/25, seguindo a distribución anterior. No caso de que non haxa candidaturas na categoría de prácticas, poderanse adxudicar estes fondos á outra categoría de estudos por importe de 500 euros.

### II. REQUISITOS

#### A) REQUISITOS XERAIS

Poderá ser beneficiario deste programa o estudiantado que satisfaga os requisitos expostos a continuación:

1. **Estar matriculado en estudos oficiais na Universidade da Coruña** tanto no curso 2023/24, momento de solicitar a mobilidade Erasmus+, como no curso 2024/25, momento de realizar a estadia Erasmus+ no estranxeiro.
2. **Ser beneficiario dunha mobilidade física Erasmus+ de estudos ou prácticas** no marco da convocatoria de mobilidade internacional (Erasmus+ estudos – 1º prazo) ou da convocatoria Erasmus+ prácticas da UDC para o curso 2024/25.
3. Realizar a **inscripción previa en liña** no programa de Bolsas do Banco de Santander a través da ligazón na páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com). A inscrición do estudiantado deberá realizarse **antes do 19 de marzo de 2024**.
4. Ter unha conta bancaria aberta a nome do/da estudante beneficiario/a no Banco Santander S.A.

#### B) REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS BOLSAS POR IMPORTE DE 1.000 EUROS

Estas bolsas serán destinadas aos 2 estudantes que sexan beneficiarios dunha axuda Erasmus+ estudos e que, ademais, cumpran cos seguintes requisitos:

1. (i) Dispor dos mellores expedientes académicos ponderados conforme ao disposto nas correspondentes bases da convocatoria de mobilidade internacional para o curso 2024/25 para estudantes da UDC (1º prazo).

Código Seguro De Verificación	yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. (ii) Ser beneficiario dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación e Formación Profesional o ano anterior á mobilidade, ou (iii) presentar unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, debidamente xustificada coa presentación do certificado oficial correspondente.

Destas 2 bolsas, unha irá destinada á persoa candidata que cumpra cos requisitos (i) e (ii), e outra irá destinada á persoa candidata que cumpra cos requisitos (i) e (iii).

No caso de que a UDC non identifique un candidato que cumpra cada unha destas dúas combinacións de requisitos, poderá asignar as dúas bolsas a estudantes que cumpran a mesma combinación.

No caso de que a UDC identifique un candidato que cumpra de forma simultánea os requisitos (i), (ii) e (iii), poderá ponderar tal circunstancia na medida en que estime oportuno para os efectos da asignación das dúas bolsas deste apartado.

No caso de que a UDC non identifique dous candidatos conforme ao disposto nos parágrafos anteriores, o comunicará de forma inmediata ao Banco Santander para que este último poda asignar as dúas bolsas en idénticas condicións a outra universidade segundo os criterios establecidos.

### C) REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS BOLSAS POR IMPORTE DE 500 EUROS

Estas bolsas serán destinadas aos 17 estudantes que sexan beneficiarios dunha axuda Erasmus+ de estudos ou prácticas cos mellores expedientes académicos, ponderados conforme ao que dispón a convocatoria de mobilidade internacional para o curso 2024/25 para estudantes da UDC (1º prazo) ou na convocatoria de Erasmus+ prácticas para o curso 2024/25 (concedidas antes do inicio do prazo de resolución indicado no punto V), e non sexan beneficiarios de bolsas do apartado B).

Non obstante, a UDC poderá priorizar a asignación das bolsas a estudantes que, ou ben foron beneficiarios dunha beca socioeconómica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano anterior, ou teñan acreditada unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

### III. INSCRIPCIÓN E FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES:

- O/a estudante que decida presentar unha solicitude **deberá formalizar obrigatoriamente a súa inscrición en liña** no Programa de bolsas do Banco Santander a través do enlace da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) antes do **19 de marzo de 2024**.
- Será necesario que as **persoas candidatas** que, ao seu entender, **cumpran co criterio de discapacidade do apartado II.B)2.iii) lle remitan á UDC**, por correo electrónico a [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es), antes do 19 de marzo de 2024, o **certificado da discapacidade** así como, debidamente asinado, o anexo I titulado **Cláusula de Protección de Datos asociada ao Programa Bolsas Santander Erasmus**. Este apéndice será custodiado pola Universidade exclusivamente.

### IV. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude presentarse a través da plataforma do Santander en [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) antes do **19 de marzo de 2024**.

### V. RESOLUCIÓN

Para adxudicar as bolsas, a UDC utilizará a cualificación media do expediente académico do estudante no momento da selección para a concesión das mobilidades de estudos ou prácticas de Erasmus+ para o curso 2024/25, de acordo coas regulacións que rexen o cálculo das medias na UDC, e ponderadas polo coeficiente corrección de 1,17 para titulacións técnicas. Darase prioridade aos candidatos que cumpran os requisitos de discapacidade igual ou superior a 33% e/ou que fosen beneficiarios dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano anterior.

**A resolución da asignación de bolsas a estudantes publicarase na Web da ORI antes do 1 de xuño de 2024. Publicarase unha lista de agarda das persoas candidatas que cumpran as condicións e non foron adxudicatarias das bolsas.**

A resolución será comunicada ás persoas candidatas, que dispoñerán dun período de 5 días hábiles para confirmar á ORI por e-mail a [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es), calquera reclamación ou rexeitamento de dita concesión.

Código Seguro De Verificación	yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Antes do 14 de xuño de 2024, a ORI verificará que todas as persoas adxudicatarias teñan unha conta bancaria aberta a seu nome nalgunha sucursal do Banco Santander, debidamente rexistrada na sede electrónica da UDC.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán empregarse os seguintes medios de impugnación, en ningún caso de maneira simultánea:

- Con carácter previo, recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que dite a Resolución. Caso de interpoñer este recurso administrativo, entenderase desestimado de maneira presunta se no prazo de 1 mes desde a súa interposición non se ditase a resolución expresa do mesmo, nese caso quedará expedita a vía xurisdiccional da letra b) seguinte. No caso de producirse a desestimación presunta sinalada, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de 6 meses a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza tal desestimación presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).
- Directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo correspondentes, no prazo de 2 meses a contar igualmente desde o día seguinte ao da notificación da presente Resolución (artigos 8.3 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).

## VI. ACEPTACIÓNS

A ORI asignará as bolsas ás persoas adxudicatarias a través da plataforma Santander antes do 20 de xuño 2024. Estas persoas adxudicatarias **deberán completar a súa aceptación no prazo de 7 días naturais contados a partir do 20 de xuño de 2024, a través do sitio web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).**

Se se dese a situación en que a Universidade outorgase todas as bolsas e fose o/a estudante quen non a aceptase a través da web, a UDC terá un prazo de 3 días hábiles para outorgar as bolsas a outros estudantes que estean en lista de agarda por orde de puntuación. Unha vez que as bolsas fosen repartidas a novos estudantes, estes terán un período de 3 días hábiles para completar a súa aceptación, todo a través da web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com). O prazo de reasignación das bolsas rematará o 10 de xullo de 2024.

Unha vez que o período expire, se houberse bolsas que non fosen asignadas pola UDC, esta o notificará inmediatamente ao Banco Santander, que poderá distribuír as bolsas/subvenciones, en condición idénticas, a outra universidade, de acordo cos criterios que considere convintes.

O feito de aceptar a bolsa a través da plataforma Santander significa que a persoa adxudicataria recibirá o pago da bolsa/axuda na conta bancaria aberta ao seu propio nome nunha sucursal do Banco Santander, previamente rexistrada na sede electrónica da UDC.

O feito de concorrer á presente Convocatoria do Programa supón a aceptación polos candidatos das súas bases e da súa resolución, que será inapelable, e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

Banco Santander reservase o dereito de interpretar as presentes bases. Así mesmo, reservase o dereito de modificar as bases da presente Convocatoria do Programa, informando acerca das modificacións introducidas aos candidatos a través da páxina web <http://www.becas-santander.com>.

## VII. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Sen prexuízo das demais obrigacións e dereitos establecidos na presente convocatoria e no programa de mobilidade Erasmus+, a persoa adxudicataria dunha bolsa Santander Erasmus terá que cumprir coas seguintes obrigacións:

- A persoa solicitante da beca Santander Erasmus deberá **inscribirse** como tal obrigatoriamente na páxina: [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) **antes do 19 de marzo de 2024**.
- O/a estudante beneficiario/a deberá aceptar a bolsa correspondente a través da plataforma habilitada no portal de becas [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) antes do prazo indicado no punto VI.
- Antes do 1 de xuño de 2024**, no caso de non realizalo antes, a persoa beneficiaria deberá **formalizar a través da sede electrónica da UDC, o rexistro da conta bancaria aberta ao seu nome nunha sucursal do Banco Santander**, na cal quere recibir o pago da bolsa/axuda. No caso de non ter unha conta bancaria que cumpra os requisitos do programa, debidamente rexistrada en prazo na sede electrónica da UDC, entenderase que a persoa adxudicataria renuncia á bolsa concedida, que se asignará ao seguinte estudante na lista de agarda.
- O/a estudante beneficiario/a deberá cumprir coa estadía física en destino, estipulada no seu contrato de estudo/prácticas Erasmus+. En caso de redución da estadía, esta non poderá ser nunca inferior a 60 días

Código Seguro De Verificación	yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



para estadias de estudos, nin de prácticas. O incumprimento do período de estadia suporá a obrigaón de devolver a bolsa/axuda Santander Erasmus. En caso de que o beneficiario da bolsa finalmente non realizara a súa estadia Erasmus+ integramente de maneira física, terá que devolver o diñeiro do Programa á UDC.

### VIII. PAGAMENTOS

1. O importe da bolsa será abonada pola UDC exclusivamente mediante unha transferencia bancaria a unha conta aberta a nome do/da bolseiro/a nunha oficina do Banco Santander en España. O número de conta Banco Santander deberá conter un dos seguintes ESXX: ES0049, ES0075, ES0030, ES0238 ou ES0086.
2. A tramitación do pago iniciarase despois de recibir na Oficina de Relacións Internacionais a copia escaneada do certificado de chegada á universidade ou empresa de destino debidamente cuberta, asinada e selada pola institución de destino.

### IX. INCUMPRIMENTO

A solicitude supón a aceptación da convocatoria e das súas bases. Calquera incumprimento da convocatoria ou das súas bases suporá a devolución da bolsa recibida.

Calquera incumprimento do prazo de aceptación a unha das bolsas a través do sitio Web do Banco Santander, suporá a anulación automática da adxudicación.

Calquera incumprimento do prazo de rexistro da conta bancaria correcta na sede electrónica da UDC suporá a anulación automática da adxudicación.

### X. TRATAMENTO DOS DATOS

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos anteriormente sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa que están dispoñibles nas bases de datos da propia universidade. No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, incluído calquera certificado ou documentación que a Universidade considere necesaria, o fará de acordo coas regulacións aplicables con respecto á protección de datos persoais vixentes en calquera momento. Para isto, será necesario que **as persoas candidatas que, na súa opinión, cumpran cos criterios de discapacidade requiridos, lle envíen á UDC, por correo electrónico a [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es), o certificado de discapacidade correspondente e o anexo I (Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de bolsas Erasmus+) debidamente cuberto e asinado. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola Universidade.**

A UDC non lle proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander SA nin a ningunha das súas subsidiarias.

En calquera caso, a UDC non proporcionará de ningunha maneira, ningún dato, indicio ou documento que lle poida permitir ao Banco Santander SA ou a calquera das súas subsidiarias a posibilidade de deducir/inferir ou identificar de algunha maneira qué requisito da sección B) anterior cumpre a persoa bolseira. Desta maneira, nin o Banco Santander SA nin ningunha das súas subsidiarias poderán saber que bolseiros/as teñen unha axuda para estudantes en contornas desfavorecidas e/ou presentan unha discapacidade.

A política de privacidade do Banco Santander poderá consultarse en <https://becas-santander.com/legal/privacy>. De conformidade co disposto nesta política, os datos persoais facilitados polos candidatos ao inscribirse no Programa de bolsas serán tratados por Santander e pola Universidade á que pertencen coa finalidade de xestionar o Programa e realizar a adxudicación das súas bolsas.

Código Seguro De Verificación	yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Para máis información: Oficina de Relacións Internacionais

CAMPUS DA CORUÑA  
Casa do Lagar  
Campus de Elviña  
Tel: 981 167 000 (ext. 1959/1960)  
Correo electrónico: [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es)

CAMPUS DE FERROL  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
Tel: 981 337 400 (ext. 3634)  
Correo electrónico: [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es)

O reitor da UDC  
Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	yq3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yq3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yq3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## ANEXO I



### Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de Bolsas Santander Erasmus

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informámolo/a de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Maestranza, 9, 15001 A Coruña, con NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Oficina de Relacións Internacionais, Casa do Lagar, campus de Elviña, 15071 A Coruña (DENOMINACIÓN SOCIAL, ENDEREZO, CIF E ENDEREZO DE CONTACTO DA UNIVERSIDADE) en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao Programa Bolsas Santander Erasmus (en adiante o Programa) que se ofrece a candidatos cun certo grao de discapacidade para fomentar a mobilidade das persoas con discapacidade. É por tanto necesario que os candidatos a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade, pola contra, non poderán ser beneficiarios destas. A base xurídica que habilita á Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde. Este consentimento é obrigatorio para poder ser candidato a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obrigaón legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades derivadas do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es) (ENDEREZO DE CONTACTO DE DEREITOS E DPO DA UNIVERSIDADE).

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

Consinto que a miña Universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao Programa de Bolsas Santander Erasmus.

A Coruña, ..... de ..... de 20.....

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura

.....

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==	Asinado	26/02/2024 19:22:38
Asinado Por	Páxina	6/6
Reitor - Ricardo José Cao Abad		
Observacións		
Url De Verificación		
		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==">https://sede.udc.gal/services/validation/yg3uHcVtTSd833b2Mnt/9A==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).

